

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DA INSTRUCCIÓN 1/2015 POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN 2/2012 E SE APROBA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA O SEGUIMIENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 255/403

A Xunta de Goberno Local, examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 05.10.15, conformado polo xefe de urbanización e infraestruturas, e o dictame favorable do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo que tivo lugar o 16.10.15, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a Instrución 1/2015 pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización no Concello de Vigo.

SEGUNDO: Deixar sen efecto a Instrución 2/2012 relativa á revisión do protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo, expte. 130/403, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 27.04.2012 (BOP nº. 104, do día 31.05.2012).

TERCEIRO: Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia xunto co texto íntegro do Protocolo aprobado, así como na web do Concello de Vigo para público coñecemento.

CUARTO: Notificar este acordo aos departamentos competentes por razón da materia.

A seguir transcríbese o texto da Instrucción:



*“INSTRUCCIÓN 1/2015 POLO QUE SE APROBA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN
PARA O SEGUEMENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN
NO CONCELLO DE VIGO*

*PRIMEIRO PUNTO: PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA O SEGUIMENTO DA
EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN*

a) Unha vez aprobado definitivamente o proxecto de urbanización, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación, deberá convocar ao Concello de Vigo mediante comunicación dirixida á XMU, para o asinamento da “Acta de Comprobación do Replanteo (ACR)” e achegará ao efecto á seguinte documentación:

1.—Plan de Seguridade e Saúde asinado polo contratista, visado e presentado no organismo competente da Administración autonómica.

2.—Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde polo Coordinador de Seguridade e Saúde e visado polo colexio profesional correspondente.

3.—Plan de Control de Calidade dos materias a utilizar na obra.

4.—Plan de xestión de residuos.

5.—Plano actualizado do levantamento topográfico e perfís do ámbito, co parcelario correspondente, conformado polo Director da obra, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación e o contratista da obra.

Os técnicos municipais comprobarán antes da sinatura da “Acta de Comprobación do Replanteo” o cumprimento da constitución das garantías esixibles para a execución da obra urbanizadora (depósito de aval suficiente pola obrigada, etc.) e en ningún caso asinarán a dita acta se aquela constitución non constase acreditada.

b) Asinada a ACR, os técnicos municipais designados ao efecto realizarán a supervisión continuada das obras ata a súa recepción definitiva e documentarán cantas incidencias xurdan durante a súa execución co fin de iniciar os procedementos administrativos que resultasen pertinentes.

c) A partires da data de asinamento da ACR, o/a Director/a das obras deberá informar á Administración urbanística cada tres meses do grao de execución e das incidencias que aconteceran e que poidan incidir na boa execución das mesmas. Ademais, relacionará as unidades de obra executadas coas cantidades certificadas ata a data por capítulos, así como o saldo pendente de executar e certificar e informará do grao de execución das obras de edificación, de ser o caso, e da posible data de terminación.



d) As modificacións que se pretendan introducir no proxecto de urbanización deberán ser aprobadas previamente polo Concello de Vigo.

e) Calquera demora non xustificada ou incidencia da que se poda derivar unha incorrecta urbanización do ámbito, implicará a emisión dun informe por parte dos técnicos municipais encargados da supervisión das obras urbanizadoras, que se elevará como proposta de requirimento ao Presidente da XMU ou órgano en que teña delegado a súas competencias. Nese mesmo requirimento advertirase que, de persistir na incorrecta urbanización, o Concello de Vigo poderá acordar a execución subsidiaria das obras de urbanización ou, en función do grao de desenvolvemento da urbanización, a adopción do acordo do cambio do sistema por un directo.

f) Os técnicos municipais realizarán tantas visitas de comprobación das obras como estimen pertinentes, levantando acta de cada unha que será asinada tamén polo director da obra de urbanización. Así mesmo, darán conta aos diferentes departamentos municipais e ás empresas subministradoras das incidencias que poidan afectar ao servizo público.

g) Os técnicos municipais informarán con carácter urxente de calquera incidencia da que puidera derivar un perigo para a seguridade das persoas ou dos bens. Co fin de evitar calquera dano que elo puidera supoñer, o órgano competente poderá adoptar as medidas provisionais e urxentes que estime pertinentes, incluíndo a paralización das obras de urbanización se considérase oportuno.

h) O Concello de Vigo poderá suspender a execución das obras de construción das edificacións no caso de simultaneidade coas obras urbanizadoras, cando se aprecie que estas últimas non teñen o grao de desenvolvemento adecuado para que as de edificación podan ser utilizadas tan pronto como sexan rematadas.

SEGUNDO PUNTO: PROCEDIMIENTO PREVIO Á RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

a) A Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación, deberá comunicar ao Concello de Vigo a data previsible de finalización das obras de urbanización cunha antelación mínima de 45 días con respecto daquela. Xunto coa solicitude de recepción das obras, deberá presentar a seguinte documentación técnica:

1. Planos que inclúan o estado final das obras executadas, referenciadas ao ámbito de recepción, en soporte dixital e papel.

2. Certificado de final de obra asinado polo Director das obras.



3. Acta de entrega das obras de urbanización obxecto da recepción, subscrita polo representante da Entidade Urbanística Colaboradora, propietario único ou promotora da actuación, segundo o sistema de actuación aplicado, e a Dirección Facultativa e Contratista das Obras.

4. Informe-Resumo dos ensaios de Control de Calidade dos Materiais utilizados na obra, subscrito polo responsable do Laboratorio de Control e conformados polo Director das Obras. En proxectos iniciados antes do 14/09/2009, será suficiente un informe do Director facultativo no que certifique a idoneidade dos materiais empregados.

5. Documentación acreditativa da inscrición rexistral das cesións obrigatorias e gratuítas a favor do Concello de Vigo.

6. Proposta de adhesión ao modelo de Estatutos ou proxecto de Estatutos para a constitución da Entidade Urbanística de Conservación, no seu caso.

b) Unha vez recibida aquela comunicación, os técnicos municipais, no prazo máximo de tres días, darán conta da mesma aos departamentos municipais competentes en materia de Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Limpeza e informará nese momento da data na que asinará a Acta de Recepción a todas as empresas subministradoras de servizos urbanísticos, tales como “Unión Fenosa, S.A.”, “Telefónica de España, S.A.”, “Vodafone”, “R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.”, “Gas Galicia, S.A.” e “Aqualia-FCC, UTE Vigo” ou aquelas que as substitúan. Na comunicación que se dirixa tanto aos departamentos municipais como ás empresas subministradoras, farase expresamente constancia de que o informe deberá ser emitido no prazo máximo de dez días (artigo 83 LRXAP-PAC).

c) O mesmo día se dará conta da solicitude dos informes aludidos na letra b) deste punto segundo, á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou á promotora da actuación, informándolle de que o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento quedará suspendido ata que se recaben os informes mencionados (artigo 42.5 LRXAP-PAC).

d) No caso de que os informes evacuados constaten a existencia dalgunha deficiencia na urbanización, darase conta do mesmo á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou promotora da actuación para que proceda a súa emenda. Ata tanto non se reciba novo informe en sentido favorable, o prazo de resolución quedará en suspenso nos termos previstos na lexislación de aplicación.

e) Unha vez recabados todos os informes favorables se remitirán, xunto co informe proposta, á Xunta de Goberno Local para que acorde a recepción das obras urbanizadoras, de ser o caso, e designe o representante da Administración pública que asistirá ao acto de recepción. Darase traslado deste acordo á Intervención Xeral do Concello de Vigo para a súa asistencia potestativa á recepción.



f) O representante designado pola Xunta de Goberno Local sinalará a data de recepción das obras de urbanización e a comunicará á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou á promotora da actuación e ao responsable da Intervención municipal. Do resultado da recepción se levantará unha Acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles. O representante da Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou a promotora da actuación terá a obriga de asistir á recepción.

g) Unha vez recibidas as obras de urbanización, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación poderán solicitar a substitución da garantía presentada por outra que comprenda o cinco por cento do presuposto de execución por contrata.

h) Transcorrido o prazo de garantía, a Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación poderá solicitar a cancelación da garantía subsistente, debendo emitir informe os técnicos municipais a fin de que o Presidente da XMU o órgano en quen teña delegado as súas competencias acorde o procedente.

TERCEIRO PUNTO: RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

a) A recepción parcial das obras de urbanización deberá preverse no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada, no que deberá figurar un plan de etapas de execución das obras de urbanización e edificación. Excepcionalmente, cando concorran circunstancias especiais suficientemente acreditadas que fundamenten a conveniencia deste tipo de recepcións, o que deberá ser apreciado polo órgano competente, poderá acordarse a recepción parcial de obras de urbanización cando non se conteña aquela previsión no planeamento urbanístico que conteña a ordenación detallada. Deberá acordarse a coherencia da recepción parcial coas restantes determinacións do Plan, o desenvolvemento no tempo da edificación prevista e as súas dotacións e dos elementos que compoñen a rede de servizos.

b) Así pois, cando o planeamento que conteña a ordenación detalla non prevea a posibilidade de recepcións parciais, ésta tratarase como un suposto excepcional que deberá interpretarse de forma restritiva e só admisible con estrita observancia das seguintes indicacións:

— As obras executadas deben ser susceptibles de ser entregadas ao uso público.

— Deben constituír unha unidade funcional directamente utilizable e ter sido recibidas pola propia Entidade Urbanística Colaboradora, pola propiedade ou pola promotora da actuación. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento e dos servizos urbanísticos mínimos.

— O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da Entidade Urbanística Colaboradora nin para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.



— Unicamente posibilitará a substitución da garantía constituída por outra minorada no importe correspondente ás obras de urbanización recibidas, polo que, en todo caso, deberán quedar garantidas as obras de urbanización que non foran recibidas. Para elo, o órgano competente poderá esixir para o cálculo do importe a garantir, a actualización do das obras de urbanización que restan por realizar. Así mesmo, o inicio do cómputo do prazo de garantía afectará exclusivamente ás obras de urbanización que figuren na recepción parcial.

— A conservación da urbanización recibida será asumida por quen corresponda segundo o PXOM e a lexislación de aplicación e, en todo caso, as obrigas correspondentes ás entidades urbanísticas de conservación serán asumidas pola Xunta de Compensación en tanto aquela non se constituía.

— Con ocasión da recepción total, no caso de que non transcorrera o prazo de garantía das obras de urbanización xa parcialmente recibidas, comprobarase o novo estado do recibido e de advertirse deficiencias derivadas da súa execución ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á Entidade Urbanística Colaboradora, á propiedade ou á promotora da actuación, requirirase a realización das obras precisas para emendalas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.

CUARTO PUNTO: SEGUIMIENTO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN SOMETIDAS Á AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

No caso de proxectos de urbanización sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ou tramitación ambiental que a substitúa, os técnicos municipais comprobarán a vixencia (ou prórroga) da Declaración de Impacto Ambiental ou instrumento equivalente, antes da sinatura da ACR. A Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación urbanizadora deberá acreditar a comunicación tamén ao órgano ambiental da data de comenzo da execución. Cursará, igualmente, aquelas comunicacións que resulten esixibles de acordo coa lexislación vixente. En caso de terse aprobado modificacións nas condicións dunha Declaración de Impacto Ambiental xa emitida, deberán comprobar a comunicación do comenzo da execución axustado á dita modificación, sempre que a lexislación de aplicación prevea esta comunicación.

Os técnicos municipais, ademais dos traballos de seguimento que se lles asignen, disporán o necesario, na medida das súas funcións, para garantir o cumprimento da Declaración de Impacto Ambiental e emitirán informe cando aprecien a concorrencia de circunstancias que puideran supoñer unha modificación nas condicións da Declaración de Impacto Ambiental emitida ou cando éstas foran manifestadas pola Entidade Urbanística Colaboradora, a propiedade ou a promotora da actuación ou polo órgano ambiental. No caso de que a dita modificación sexa solicitada polo Entidade Urbanística Colaboradora, pola propiedade ou pola



promotora da actuación, os técnicos municipais esixirán a presentación da documentación xustificativa daquela xunto coa solicitude referida, para a súa análise, comprobación e posterior remisión, de ser o caso, ao órgano ambiental.

Os técnicos municipais, unha vez aprobado definitivamente o proxecto de urbanización sometido a avaliación de impacto ambiental ou tramitación ambiental equivalente, realizarán o seguimento dos seus efectos no medio ambiente co fin de identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir que se leven a cabo as medidas adecuadas para evitalos. Comprobarán, ademais, na medida en que as súas funcións corresponda, o cumprimento do programa de vixilancia ambiental ou outros condicionamentos que de cara o seguimento da actuación foran impostos na Declaración de impacto ambiental. Comunicarán calquera circunstancia que puxera en risco os aspectos ambientais a considerar, a eficacia das medidas correctoras propostas polo órgano ambiental ou calquera outro que impidise acadar os fins da Declaración de Impacto Ambiental.

Comprobarán, cando a lexislación aplicable o prevea, que o promotor da cumprimento á obriga de emisión do informe de seguimento da Declaración de Impacto Ambiental. O dito informe incluirá o contido que requira a dita lexislación, dándoselle a publicidade prevista nesta.”

Vigo, 9 de novembro de 2015.—A Vicepresidenta da XMU (Resolución do 06.07.2015), M^a José Caride Estévez.

